



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Circular 1/2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan para o curso 2016-2017 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro e o Decreto 239/2008, do 25 de setembro, así como a proba de certificación do nivel C1 regulada pola Orde de 8 de outubro de 2012

O Decreto 191/2007, do 20 de setembro, (DOG 9 de outubro) establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio. Esta norma dispón que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado destas ensinanzas.

O Decreto 239/2008, do 25 de setembro (DOG do 29 de setembro) establece o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas.

A Orde do 8 de setembro de 2008, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012 (DOG do 30 de abril), pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro), regula a avaliación, administración e estrutura das probas de certificación de nivel básico, intermedio e avanzado impartidas nas EOI e nas seccións destas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro).

A Orde do 5 de agosto de 2011 (DOG do 18 de agosto) pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, establece os requisitos de acceso ás probas de certificación polo réxime libre.

Así mesmo, a Orde do 18 de febreiro de 2011 (DOG do 26 de abril), pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, establece un itinerario formativo por medio dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC), e as probas para a acreditación do nivel acadado polo profesorado asistente a estes cursos.

Igualmente, a Orde de 8 outubro de 2012 (DOG do 11 de outubro) pola que se establece o procedemento para a implantación, avaliación e certificación de cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C nas escolas oficiais de idiomas de Galicia, dispón que para obter os certificados acreditativos de competencia nos niveis C1 e C2 do idioma correspondente, ao remate dos cursos será necesaria a superación dunha proba de certificación que terá as características que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableza nas convocatorias correspondentes, e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

establece tamén que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá convocar probas de certificación polo réxime libre para a obtención dos certificados dos niveis C.

Co obxecto de organizar, para o curso 2016-2017, as probas de certificación de nivel básico, intermedio e avanzado, que inclúen o alumnado inscrito nos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) e o alumnado do programa CUALE, así como a proba de certificación do nivel C1, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa dita as seguintes instrucións:

1. PROBAS DE CERTIFICACIÓN

A Orde do 8 de setembro de 2008, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012 (DOG do 30 de abril), pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro), establece que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria organizará polo menos unha convocatoria anual das probas para a obtención dos certificados de nivel básico, intermedio e avanzado.

Estas probas, comúns para todos os réximes e modalidades, terán lugar no mes de xuño en convocatoria ordinaria para o alumnado do réxime oficial e en convocatoria única para o alumnado do réxime libre. No mes de setembro, os centros administrarán a convocatoria extraordinaria únicamente para o alumnado do réxime oficial e alumnado dos cursos CALC e do programa CUALE, que só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria.

Así mesmo, a dita orde establece que as probas de certificación de nivel básico serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as instrucións establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no correspondente documento de especificacións, mentres que as probas de certificación de nivel intermedio e avanzado serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de validación designada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Igualmente, a Orde de 8 outubro de 2012 pola que se establece o procedemento para a implantación, avaliación e certificación de cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C nas escolas oficiais de idiomas de Galicia, establece que a avaliación das probas correspondentes aos niveis C1 e C2 rexeranse polo establecido na Orde do 8 de setembro de 2008, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Procede, polo tanto, convocar as probas de certificación 2016-2017 para a obtención dos certificados dos niveis básico, intermedio e avanzado, así como do nivel C1 de francés, galego, inglés e portugués, de acordo coas instrucións que figuran nesta circular.

1.1. Nivel básico

1.1.1. As probas de certificación de nivel básico terán como referencia o nivel de competencia A2 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel básico publicado como anexo I do Decreto 191/2007.

1.1.2. No curso 2016-2017 administraranse probas de certificación de nivel básico nos seguintes idiomas: alemán, árabe, chinés, español para estranxeiros, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.

1.1.3. As probas de nivel básico seguirán o disposto na *Guía para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel básico* establecida no anexo I da RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2014 pola que se modifica a Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2. Nivel intermedio

1.2.1. As probas de certificación de nivel intermedio terán como referencia o nivel de competencia B1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio publicado como anexo II do Decreto 191/2007.

1.2.2. No curso 2016-2017 administraranse probas de certificación de nivel intermedio nos seguintes idiomas: alemán, árabe, chinés, español para estranxeiros, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.

1.2.3. As probas de certificación de nivel intermedio seguirán o disposto na *Guía para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel intermedio* establecida no anexo I desta circular.

1.3. Nivel avanzado

1.3.1. As probas de certificación de nivel avanzado terán como referencia o nivel de competencia B2 do *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado publicado como anexo I do Decreto 239/2008.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

1.3.2. No curso 2016-2017 administraranse probas de certificación de nivel avanzado nos seguintes idiomas: alemán, árabe, español para estranxeiros, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.

1.3.3. As probas de certificación de nivel avanzado seguirán o disposto na *Guía para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel avanzado* establecida no anexo II desta circular.

1.4. Nivel C1

1.4.1. A proba de certificación de nivel C1 terá como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo establecido no anexo da Orde EDU/3377/2009, do 7 de decembro (BOE do 16 de decembro) .

1.4.2. No curso 2016-2017 administrarase a proba de certificación de nivel C1 nos idiomas francés, galego, inglés e portugués.

1.4.3. A proba de certificación de nivel C1 seguirá o disposto na *Guía para as persoas candidatas das probas de certificación de nivel C1* establecida no anexo III desta circular.

2. ACCESO ÁS PROBAS

2.1. Alumnado de ensinanza libre

2.1.1. Poderanse matricular nas probas de certificación do idioma que cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obligatoria aquelas persoas que teñan dezaseis anos cumplidos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2017.

2.1.2. Poderanse matricular nas probas de certificación dos idiomas que non cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obligatoria aquelas persoas que teñan catorce anos cumplidos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2017.

2.1.3. O alumnado libre poderá matricularse nos niveis básico, intermedio e avanzado das probas de certificación, previo pagamento dos prezos públicos correspondentes, sen que sexa requisito obter o certificado do nivel ou niveis anterior(es).

2.1.4. As persoas que desexen matricularse na proba de certificación de nivel C1 polo réxime libre deberán posuír o certificado do nivel inferior das ensinanzas de idiomas de réxime especial nesta lingua expedido por unha escola oficial de idiomas, ou, no caso do idioma inglés, o certificado acreditativo da validación do Certificate of Proficiency emitido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e aboar os prezos públicos correspondentes.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

2.1.5 O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

2.1.6. O alumnado que xa realizou estudos nunha escola oficial de idiomas en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2016-2017, deberá indicar esta circunstancia coa súa solicitude de matrícula para que a escola onde se matricula como alumno libre solicite o traslado de expediente á escola de orixe.

2.1.7. O alumnado libre que supere a proba de certificación de nivel básico, intermedio ou avanzado poderá incorporarse ao primeiro curso do nível intermedio, avanzado ou C1 respectivamente, do réxime de ensinanza oficial presencial en calquera escola oficial de idiomas, sempre que obteña praza seguindo o procedemento de preinscrición e matrícula que se estableza.

2.2. Alumnado de ensinanza oficial dos niveis básico, intermedio e avanzado

2.2.1. O alumnado oficial matriculado nun curso final de nivel terá que superar a proba de certificación correspondente para obter o certificado dese nivel que lle permita promocionar, se é o caso, ao nível inmediatamente superior. Este alumnado non terá que facer os trámites anteriores, ao ter xa dereito á proba pola súa matrícula como alumnado oficial no curso.

2.2.2. O alumnado oficial que desexe realizar as probas de certificación de calquera idioma e nivel poderá matricularse nestas unicamente na EOI na que é alumno/a oficial, de acordo co disposto no apartado 2.1 desta circular. Se o idioma do que desexa matricularse polo réxime libre non se imparte na EOI da que é alumno/a oficial, poderá matricularse excepcionalmente noutra escola que imparta esa lingua, indicando esta circunstancia coa súa solicitude de matrícula coa finalidade de que a dita escola solicite unha copia do seu expediente académico á escola de orixe.

2.3. Alumnado do programa *That's English!*

2.3.1. O alumnado do programa *That's English!* terá que superar a proba de certificación de nivel básico ao remate do módulo 4 para acadar a certificación do dito nivel e poder acceder ao nível intermedio.

2.3.2. O alumnado que estea a cursar o módulo 8 deberá superar a proba de certificación de nivel intermedio para acadar a certificación do dito nivel e poder acceder ao nível avanzado.

2.3.2. O alumnado que estea a cursar o módulo 12 deberá superar a proba de certificación de nivel avanzado para acadar a certificación do dito nivel e poder acceder ao nível C1, na modalidade presencial.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

2.3.3. Este alumnado non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.

2.3.4. Os centros de apoio titorial deberán remitir a relación de alumnado, co nome, apelidos, DNI e nivel que corresponda, aos centros de apoio administrativo respectivos para que as EOI onde vaian realizar a proba inclúan este alumnado nas probas de certificación de nivel básico, intermedio ou avanzado.

2.3.5. As probas de certificación do alumnado do programa *That's English!* realizaranse nos centros que figuran no anexo IV desta circular.

2.4. Alumnado procedente dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC)

2.4.1. O alumnado dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) establecidos no artigo 5.1 da Orde do 18 de febreiro de 2011 que desexe certificar o nivel que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido nesta circular, indicando o idioma e nivel do curso CALC que está a realizar, na aplicación web de matrícula.

2.4.2. O alumnado procedente dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) que cumpra os requisitos de asistencia aos cursos e se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado, sempre que formalizase a matrícula na escola ou sección en que cursou o CALC e o indicase na aplicación web de matrícula. Para isto deberá presentar o documento da realización do dito curso, emitido polo CFR, onde conste que a persoa cumple o citado requisito de asistencia. Este documento só terá validez para os efectos de matrícula e o alumnado que non o presente terá dereito unicamente á convocatoria de xuño.

2.4.3. As persoas candidatas procedentes dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) non terán que aboar os prezos públicos correspondentes ao concepto de matriculación por idioma, sempre que vaian realizar as probas de certificación do idioma e nivel correspondente por primeira vez. No caso de se matricularen nunha escola oficial de idiomas por primeira vez, estas persoas deberán aboar os prezos públicos correspondentes á apertura de expediente.

2.5. Alumnado procedente do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE)

2.5.1. O alumnado procedente dos cursos CUALE establecidos na Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de



cursos para a formación complementaria en lingua estranxeira do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia que desexe certificar o nivel do curso que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido nesta circular.

2.5.2. O alumnado procedente dos cursos CUALE 2016-2017 que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial a efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE, e non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación. Esta exención inclúe o concepto de apertura de expediente académico, polo tanto, se este alumnado se matricula noutro nivel ou idioma polo réxime libre, deberá aboar unicamente o concepto de matrícula por idioma en réxime libre.

2.5.3. Os centros onde teñen lugar os cursos CUALE enviarán á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa as listaxes por idioma e nivel correspondentes ao alumnado de cada curso. Á súa vez, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa facilitaralle a cada escola oficial de idiomas as listaxes de alumnado CUALE correspondentes á escola e seccións, se é o caso, para que as escolas oficiais de idiomas inclúan este alumnado nos chamamentos que correspondan da convocatoria extraordinaria.

3. MATRÍCULA NAS PROBAS

3.1. Prazo de matrícula

O prazo de matrícula nas probas de certificación para o alumnado libre, incluído o profesorado que asiste aos cursos CALC e o alumnado procedente dos cursos CUALE, será do 20 de marzo ao 06 de abril de 2017, ambos incluídos. A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 12:00 do mediodía do 06 de abril.

3.2. Trámites de inscrición e aboamento dos prezos públicos correspondentes

3.2.1. Documentación

A matrícula realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.informaticacentros.com/xunta/>

A aplicación web de matrícula nas probas de certificación estará operativa ata as 12:00 do mediodía do 06 de abril de 2017.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

A matrícula feita en liña non terá validez ata que o alumnado a formalice, nos horarios dispostos para o efecto, na secretaría da escola ou sección onde vai realizar a proba (agás nos centros indicados no punto 3.2.3 desta circular). Para formalizar a matrícula será necesaria a presentación na secretaría da seguinte documentación:

- O impreso de matrícula xerado pola aplicación web de matrícula, onde se indique(n) o(s) idioma(s) e o nivel ou niveis no(s) que se matricula.
- O resgado do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, de 13 de xuño (DOG do 17 de xuño de 2013), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Unha fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte.
- Para o alumnado que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2017, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obligatoria no presente curso escolar, expedido polo centro onde estea matriculado consonte o modelo do anexo V.
- Para o alumnado dos cursos CALC, o documento da realización do curso, emitido polo CFR, onde conste que cumple co requisito de asistencia.
- Para o alumnado que se matricule na proba de certificación do nivel C1 de francés, inglés, galego ou portugués, unha fotocopia cotexada do certificado do nivel inferior das ensinanzas de idiomas de réxime especial do idioma correspondente ou, no caso do idioma inglés, do certificado acreditativo da validación do Certificate of Proficiency emitido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- De ter superado os estudos e non dispor ainda do certificado, deberá presentar unha certificación académica expedida pola EOI correspondente, acompañada do xustificante de ter aboados os prezos públicos para a súa expedición.

3.2.2. No caso de discapacidade deberase achegar a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o formulario facilitado pola EOI (anexo IX da Orde de 8 de setembro de 2008, de avaliación). A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da Xefatura Territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no anexo VI da Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 17 de decembro de 2014.

3.2.3. A matrícula das probas de certificación para o alumnado libre poderase formalizar nas seccións das escolas oficiais de idiomas onde se vaian administrar estas, excepto nos centros seguintes: IES Manuel Murguía



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

(Arteixo), IES Universidade Laboral (Culleredo), IES Xulián Magariños (Negreira), IES de Sar (Santiago de Compostela), IES Gregorio Fernández (Sarria), IES O Ribeiro (Ribadavia), IES de Celanova (Celanova), IES Blanco Amor (Ourense), IES Valle-Inclán (Pontevedra), IES de Rodeira (Cangas), IES Escolas Proval (Nigrán), IES Val do Tea (Ponteareas), IES Alexandre Bóveda (Vigo) e IES Pedro Floriani (Redondela), onde non se recollerá ningunha solicitude, polo que a matrícula deberá formalizarse na sede da EOI da que dependa cada sección.

3.2.4. O pagamento da matrícula para as probas de certificación do alumnado libre non poderá ser fraccionado.

3.3. Incompatibilidades

3.3.1. Non se poderán examinar das probas de certificación dunha lingua aquelas persoas que participasen na súa elaboración ou no seu proceso de configuración final.

3.3.2. Así mesmo, o profesorado que imparte docencia nunha EOI, ou ben a impartira nalgún momento do curso académico 2016-2017 (no caso do profesorado interino ou substituto), non se podrá matricular nas probas de certificación de ningún idioma na propia EOI en que imparte ou impartira docencia no curso 2016-2017, e, no caso do(s) idioma(s) que imparte, tampouco se podrá matricular para realizar as probas de certificación en ningunha EOI de Galicia.

3.3.3. O persoal non docente destinado nunha escola oficial de idiomas ou sección no curso 2016-2017 non poderá matricularse nas probas de certificación polo réxime libre no centro onde desempeñe o seu labor, aínda que poderá formalizar a súa matrícula noutra escola ou sección. No caso de árabe e ruso, por seren idiomas que se imparten únicamente na EOI da Coruña, o persoal non docente que traballe nesta escola poderá formalizar a matrícula polo réxime libre neses idiomas no dito centro.

3.4. Estatística

Unha vez rematado o prazo de matrícula, e antes do 15 de maio, as EOIs remitiranlle ao servizo de Ensinanzas de Réxime Especial unha estatística co número de matrícula por idioma, nivel e modalidade, separado por centros (sede central da EOI e seccións, se as houbese), consonte o anexo V da RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2014. A estatística deberá incluír o número de tribunais previstos por idioma e nivel.

4. ESTRUTURA, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN ÁS PROBAS

Os equipos directivos das EOIs garantirán que o alumnado de todos os réximes e niveis dispoña de información completa sobre a estrutura, contido, criterios de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

avalización e cualificación de todas as probas, así como das condicións e prazos de reclamación sobre a súa cualificación. Para isto, as escolas publicarán as instrucións establecidas nesta circular, xunto coas guías para as persoas candidatas das probas de nivel básico, intermedio, avanzado e C1 que figuran nos respectivos anexos desta circular e da RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2014.

5. ADMINISTRACIÓN E CALENDARIO DAS PROBAS

5.1. As probas de cada nivel e idioma teñen carácter unificado e realizaranse en todas as escolas na mesma data e hora. Para a súa correcta administración deberán terse en conta as guías da administración das probas de nivel básico, nivel intermedio, nivel avanzado e nivel C1 que a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa lles remitirá ás escolas oficiais de idiomas.

5.2. As probas de certificación dos niveis básico, intermedio, avanzado e C1 administraranse nas sedes das EOI e, se é o caso, nas súas seccións.

5.3. As EOI ou seccións onde non estean implantadas as ensinanzas correspondentes a un curso final de nivel non administrarán nesa escola ou sección as probas de certificación polo réxime libre correspondentes ao dito nivel.

5.4. As probas de certificación de nivel C1 de francés e inglés polo réxime libre administraranse en todas as EOI de Galicia; as de galego administraranse nas EOI da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo e as de portugués, en todas as EOI de Galicia, agás Monforte de Lemos, Ribadeo e Viveiro.

5.5. A parte escrita (comprensión de lectura, comprensión oral, expresión e interacción escrita) das probas de certificación administrarase na convocatoria ordinaria de xuño para o alumnado oficial, o alumnado libre, o alumnado procedente dos cursos CALC e o alumnado CUALE, de acordo co calendario de administración que se achega como anexo VI a esta circular. Na convocatoria ordinaria a parte escrita das probas de certificación das distintas linguas terá lugar en distintas datas ou horas.

5.6. A parte escrita (comprensión de lectura, comprensión oral, expresión e interacción escrita) das probas de certificación administrarase na convocatoria extraordinaria de setembro para o alumnado oficial, o alumnado procedente dos cursos CALC e o alumnado CUALE, de acuerdo co calendario de administración que se achega como anexo VII a esta circular. Na convocatoria extraordinaria as probas escritas ou orais de distintas linguas poderán ter lugar na mesma data e hora.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

5.7. No caso de que, por razóns debidamente xustificadas e excepcionais por causas imputables ao centro, as probas de certificación non se puidesen administrar nos calendarios establecidos nos anexos VI e VII desta circular, a escola deberá informar e solicitar ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a autorización para administrar a proba de reserva noutra hora e/ou data.

5.8. As datas das probas de expresión e interacción oral serán fixadas por cada escola, que deberá facelas públicas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba, tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. Estas probas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas.

5.9. A EOI da Coruña establecerá o calendario de realización das probas de certificación dos niveis básico, intermedio e avanzado de árabe e ruso. A EOI de Vigo establecerá o calendario de realización das probas de certificación de nivel avanzado de xaponés.

5.10. A cualificación da expresión e interacción escrita e da expresión e interacción oral das probas será realizada por tribunais formados, polo menos, por dous membros do departamento correspondente. No caso de departamentos didácticos unipersoais, o servizo de Inspección Educativa respectivo designará o profesorado que deberá desprazarse desde outra sede ou sección para a formación dos tribunais que garantan a correcta administración das probas.

5.11. As probas de certificación para o profesorado dos cursos CALC realizaranse nas escolas onde se impartiron os cursos correspondentes, únicamente para o nivel ou niveis impartidos, e contarán con tribunais específicos para a súa administración e cualificación, dos que formará parte o profesorado que impartiu o(s) curso(s).

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





ANEXO I

GUÍA PARA AS PERSOAS CANDIDATAS
PROBAS DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL INTERMEDIO (B1)
ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS
GALICIA
CURSO 2016-2017

ÍNDICE

1. Introdución
2. Recoñecemento da certificación
3. Perfil das persoas candidatas
4. Requisitos para presentarse ás probas
5. Número de convocatorias
6. Dereitos das persoas candidatas
7. Obrigas das persoas candidatas
8. Definición do nivel intermedio
9. Estrutura da proba de certificación de nivel intermedio
10. Distribución e orde de administración da proba
11. Contidos
12. Temas
13. Tipos de texto
14. Características de cada parte da proba
15. Resultados
16. Recomendacóns finais

1. INTRODUCIÓN

O presente documento contén a descripción das probas de certificación correspondentes ao nivel intermedio que se realizarán durante o curso 2016-2017 nas escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia. Ten a finalidade de facilitar información sobre a estrutura e o contido destas probas ás persoas candidatas.

As probas de certificación do nivel intermedio están reguladas polo marco legal e administrativo establecido nos seguintes documentos:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio).
- Real Decreto 1629/2006, do 29 de decembro (BOE do 4 de xaneiro 2007), que fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio (DOG do 9 de outubro).
- Orde do 8 de setembro de 2008, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012 (DOG do 30 de abril), pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro).
- Orde do 5 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial (DOG do 18 de agosto).
- Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 28 de maio).

2. PERFIL DAS PERSOAS CANDIDATAS

O perfil do alumnado das EOI é moi variado, tanto pola idade como pola súa formación, nivel cultural e motivación.

En consecuencia, as probas serán "neutras", adaptadas aos trazos que caracterizan un alumnado heteroxéneo, e non incluirán, en ningún caso, tarefas que lles esixan un certo grao de complexidade cognitiva ás persoas candidatas.

3. REQUISITOS PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS

Poderán presentarse a estas probas aquelas persoas que desexen obter unha certificación académica que faga constar o seu nivel de competencia lingüística no idioma obxecto de exame e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de 16 anos (ou maior de 14 anos se se examina dunha lingua distinta á que cursa como primeira lingua na educación secundaria obligatoria) ou que os cumpra no ano 2016, independentemente do seu nivel de estudos ou profesión.
- Efectuar, dentro dos prazos establecidos, os trámites de inscrpción e aboar os prezos públicos correspondentes para realizar as probas.

4. NÚMERO DE CONVOCATORIAS

O alumnado oficial disporá de dúas convocatorias para a obtención do certificado de nivel intermedio: unha convocatoria ordinaria en xuño e outra extraordinaria en setembro, que serán comúns en todas as EOI de Galicia. O alumnado do réxime libre terá dereito únicamente á convocatoria ordinaria.

O calendario de probas para cada convocatoria será o fixado nos anexos V (convocatoria ordinaria) e VI (convocatoria extraordinaria) da Circular 1/2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e poderá consultarse nas diferentes EOI e nas súas páxinas web.

5. DEREITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Adaptación da proba para persoas con diversidade funcional

É posible a adaptación da proba ás necesidades especiais daquelas persoas candidatas que presenten algún tipo de discapacidade motriz, visual ou auditiva.

As persoas candidatas que se matriculen en réxime libre deben declarar e xustificar estas circunstancias no momento da formalización da matrícula mediante certificación oficial acreditativa da súa discapacidade e do grao desta. A escola poñerao en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da Xefatura Territorial respectiva para que emitan un informe sobre as medidas necesarias para avaliar estas persoas candidatas, tendo en conta as medidas recollidas no anexo VI da Resolución do 10 de maio de 2012, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2014.

Xustificantes de asistencia

As persoas candidatas poderán solicitar un xustificante de asistencia ao exame. Este xustificante solicitaráselle ao/á profesor/a administrador/a unha vez finalizada a proba escrita ou oral.

Dereito a reclamar

De acordo coa lexislación vixente (Orde do 8 de setembro de 2008, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012, pola que se regula a evaluación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación), calquera persoa candidata que estea en desacordo coa súa cualificación final poderá presentar unha reclamación ante a dirección da escola oficial de idiomas nun prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados.

A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

- a) Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial.
- b) Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

Segundo estipula o artigo 7 da citada orde, a dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación, ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitaral le ao departamento didáctico o correspondente informe e notificaral le por escrito á persoa candidata a resolución adoptada e os recursos que caben contra a citada resolución.

6. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas candidatas deberán:

- Ser puntuais e presentarse na aula onde se realizarán as probas á hora indicada na convocatoria. Non se permitirá a entrada á aula a ningunha persoa candidata despois do último chamamento.
- Presentar o DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da identidade cando lles sexa requirido na aula de exame.
- Presentar o resgado da matrícula (persoas candidatas libres).
- Usar bolígrafo azul ou negro para a realización do exame porque as probas escritas con lapis ou emendadas con fluido ou cinta correctora non serán cualificadas.
- Manter apagados os telefonos móbiles e calquera outro dispositivo electrónico durante toda a proba.
- Asinar a entrega de cada parte da proba.
- Abandonar a aula con discreción.
- Permanecer en silencio fóra da aula para non molestar as demais persoas que continúen realizando a proba.

7. DEFINICIÓN DO NIVEL INTERMEDIO

O nivel intermedio das EOI de Galicia (que inclúe os cursos Intermedio 1 e Intermedio 2) equivale ao nivel B1 definido no *Marco europeo común de referencia para as lingua* (MECRL), un documento creado pola división de Política Lingüística do Consello de Europa, coa intención de proporcionar, en toda a súa zona de influencia, unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais, etc.

Tendo en conta este documento e a lexislación vixente en Galicia:

“O nivel intermedio [...] ten a finalidade de capacitar o alumnado para a utilización do idioma oralmente ou por escrito de maneira eficaz, apropiada e flexible, en situaciones comunicativas diversas relativas a temas coñecidos ou de interese persoal, que requiran comprender e producir textos en lingua estándar, nun rexistro neutro, formal e informal, e que conteñan variedade de expresións, estruturas e locucións idiomáticas frecuentes e termos habituais e cultos de uso común non especializados.

Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de maneira directa así como garantir a relación fluída entre falantes e culturas.”

Decreto 191/2007, do 20 de setembro (DOG do 9 de outubro)

Polo tanto, a persoa que acada este nivel:

- “É capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar se tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer.
- Sabe desenvolverse na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe por zonas onde se utiliza a lingua.
- É capaz de producir textos sinxelos e coerentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal.
- Pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans”.

MECRL, Niveis comúns de referencia. Escala global. Descriptores nivel B1

8. ESTRUTURA DA PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL INTERMEDIO

PARTES DA PROBA (DESTREZAS)	PUNTUACIÓN MÍNIMA	PUNTUACIÓN TOTAL
COMPRENSIÓN DE LECTURA	15 puntos	25
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA	15 puntos	25
COMPRENSIÓN ORAL	15 puntos	25
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL	15 puntos	25
TOTAL	60 puntos	100

9. DISTRIBUCIÓN E ORDE DE ADMINISTRACIÓN DA PROBA

A proba administrarase en dúas sesións:

1ª sesión:

PARTES DA PROBA (DESTREZAS)	DURACIÓN
COMPRENSIÓN DE LECTURA	60 minutos
PAUSA	10 minutos
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA	75 minutos
PAUSA	10 minutos
COMPRENSIÓN ORAL	40 minutos
TOTAL	195 minutos (3 h 15 min)

2ª sesión:

PARTE DA PROBA (DESTREZA)	DURACIÓN (POR PARELLA)
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL	15 minutos
TOTAL	15 minutos

A sesión correspondente á destreza de expresión e interacción oral poderá ter lugar antes ou despois da sesión correspondente ás outras destrezas, e gravarase en audio a intervención das persoas candidatas.

10. CONTIDOS

Os contidos xerais da proba de certificación de nivel intermedio serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 191/2007, do 20 de setembro, anexo 2, epígrafe 3).

11. TEMAS

Os temas sobre os que se basearán os distintos exercicios da proba serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 191/2007, do 20 de setembro, anexo 2, epígrafe 3.2.1.1.):

IDENTIFICACIÓN PERSONAL: Información sobre o traballo. Linguas estranxeiras. Relixión.
VIVENDA, FOGAR E CONTORNA: Tipos de vivenda. Descripción da vivenda. Localización da casa (periferia, barrio, medio rural, etc.).

TRABALLO E PROFESIÓN: Actividade profesional. Organización do traballo (lugar, cargo, horario, etc.). Condicóns de traballo.

TEMPO LIBRE E ACTUALIDADE: Descripción das actividades de lecer e culturais (localidades e instrumentos usados para actividades deportivas, xéneros cinematográficos, etc.). Acontecementos do momento.

VIAJES E TRANSPORTES: Entrada e saída dun país. Comunicación con empregados de locais para aloxamento. Planificación das vacacións. Viaxes ligadas ao turismo (axencias de viaxes, monumentos, etc.).

RELACIONES HUMANAS E SOCIAIS: Tipos e formas de relación social (levarse ben, levarse mal, conflitos, etc.). Formas de tratamiento. Asociacións.

SAÚDE E COIDADOS FÍSICOS: Posición do corpo e movementos. Sensacións e percepcións físicas. Especialidades médicas. Servizos de saúde. Accidentes e lesións. Síntomas de enfermidades. Adicccións e drogas.

EDUCACIÓN: Actividades escolares. Nomes de materias. Títulos e diplomas. Servizos de educación (matrícula, inscrición, bolsas, etc.). Exames.

COMPRAS E ACTIVIDADES COMERCIAIS: Relacións co persoal comercial. Compra de alimentos.

ALIMENTACIÓN: Convites e brindes. Comer fóra. Características das comidas e das bebidas. Relacións co persoal de hostalaría. Preparación de comidas e de bebidas. Produtos alimentarios.

BENS E SERVIZOS: Polícia. Automóbil (reparación, asistencia na estrada, etc.). Gasolineira e alugueiro de coches.

CLIMA, CONDICIÓNNS ATMOSFÉRICAS E AMBIENTE: Cualificativos para o ambiente. Partes da cidade. Flora e fauna. Problemas ambientais.

CIENCIA E TECNOLOXÍA: Instruccións de aparellos de uso cotián. Tecnoloxías da información e da comunicación.

12. TIPOS DE TEXTO

Os tipos de texto que constitúen a base dos distintos exercicios da proba serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 191/2007, do 20 de setembro, anexo 2, epígrafe 3.2.3.2.2.). Utilizaranse textos auténticos adaptados ás características e obxectivos dos exercicios:

POSIBLES TEXTOS ORAIS	POSIBLES TEXTOS ESCRITOS
<ul style="list-style-type: none">• Anuncios publicitarios na radio e televisión e anuncios por megafonía• Instruccións e indicacións detalladas• Conversas cara á cara e en grupo• Reunións de traballo• Debates• Discusións formais• Entrevistas: de traballo, académicas, médicas, etc.• Enquisas• Textos audiovisuais: películas, programas de TV ou de radio, telexornais, documentais, material gravado• Conferencias, presentacións e declaracións públicas• Cancións• Representacións teatrais• Conversas telefónicas e mensaxes en contestadores automáticos	<ul style="list-style-type: none">• Anuncios publicitarios (en paneis, na prensa, etc.) e anuncios por palabras• Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedimentos, telefax, notas, mensaxes, invitacións, felicitacións, etc.)• Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, entrevistas)• Informes• Resumos e esquemas• Apuntamentos• Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais)• Bandas deseñadas e tiras cómicas• Documentos oficiais (formularios, impresos, instancias)• Documentos comerciais (contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios)• Catálogos• Manuais de instrucións• Guións• Currículos• Dicionarios• Prospectos• Receitas de cociña• Adiviñas• Biografías

13. CARACTERÍSTICAS DE CADA PARTE DA PROBA

COMPRENSIÓN DE LECTURA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Comprender información global e ideas principias.• Comprender información detallada.• Comprender información de forma selectiva.• Comprender información implícita e explícita.• Comprender opinións, actitudes, desexos e sentimentos.
NÚMERO DE EXERCICIOS: entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DOS EXERCICIOS	
<ul style="list-style-type: none">• Emparellar textos con imaxes, con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal.• Contestar preguntas de resposta breve.• Ordenar parágrafos ou frases.• Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas.• Contestar preguntas de opción múltipla (a, b, c) cunha soa resposta correcta.	

COMPRENSIÓN ORAL	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Comprender información global e ideas principias.• Comprender información detallada.• Comprender información de forma selectiva.• Comprender información implícita e explícita.• Comprender opinións e actitudes.• Ordenar e discriminar información.
NÚMERO DE EXERCICIOS: entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DOS EXERCICIOS	
<ul style="list-style-type: none">• Emparellar textos con imaxes, con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal.• Contestar preguntas de respuesta breve.• Completar información en esquemas, diagramas, etc.• Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas.• Contestar preguntas de opción múltipla (a, b, c) cunha soa resposta correcta.	
As gravacións correspondentes a cada ejercicio escoitaranse dúas veces.	
Ningunha persoa candidata poderá abandonar a aula antes de que remate a audición de todos os documentos sonoros.	

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Solicitar e transmitir información.• Expoñer e avaliar información.• Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións.• Narrar sucesos e acontecementos.• Expresar desexos.• Formular propostas e conclusións.• Expresar e xustificar opinións.
NÚMERO DE EXERCICIOS: 2	
	DESCRICIÓN DA PROBA
<p>EXERCICIO 1: Escribir correspondencia formal ou informal.</p> <p>Extensión: mínimo 110 palabras - máximo 140 palabras. Chinés: mínimo 130 caracteres - máximo 170 caracteres. Xaponés: mínimo 300 caracteres - máximo 400 caracteres.</p> <p>EXERCICIO 2: Escribir un texto narrativo, expositivo ou descriptivo (sobre temas cotiáns de carácter xeral) para unha revista ou un xornal, un foro da internet, unha web, etc.</p> <p>Extensión: mínimo 150 palabras - máximo 180 palabras. Chinés: mínimo 180 caracteres - máximo 220 caracteres. Xaponés: mínimo 400 caracteres - máximo 500 caracteres.</p> <p>➤ Trataranse todos e cada un dos puntos indicados nos exercicios.</p>	
AVALIACIÓN	Dobre corrección por un tribunal de 2 profesores/as. Utilizarse un baremo baseado nos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none">• ADECUACIÓN Refírese:<ul style="list-style-type: none">• ao cumprimento da tarefa, é dicir, ao desenvolvemento de todos os puntos citados nela.• ao respecto do número de palabras que estea estipulado para o texto.• ao axuste ao formato requerido (carta, nota informal, narración, etc.).• á adecuación do rexistro en función do destinatario, propósito e situación, reflectido no léxico e estruturas.• á adecuación do contido ao tema proposto.• COHERENCIA Refírese á organización da información, das ideas e ao mantemento da liña discursiva.• COHESIÓN A cohesión reflíctese na disposición e na unión de oracións e parágrafos (uso de conectores, pronomes, adverbios e demás mecanismos de referencialidade).• CORRECCIÓN Refírese ao correcto uso gramatical, léxico e ortográfico.• RIQUEZA Refírese á variedade e precisión do léxico e das estruturas utilizadas.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións.• Narrar sucesos e acontecementos.• Realizar propostas.• Explicar proxectos ou plans.• Expresar e xustificar puntos de vista e opinións.• Mostrar acordo e desacordo.• Intercambiar información, cooperar e negociar para chegar a un consenso.• Responder/formular preguntas e proponer solucións.• Recapitular e reformular información.• Iniciar, manter e concluír a exposición dun tema.• Tomar e ceder a quenda de palabra.
NÚMERO DE EXERCICIOS: 2	
DESCRICIÓN DA PROBA	
<p>A proba realizarase por parellas.</p> <p>A proba constará das seguintes fases:</p> <p>1ª.- Acollida e presentación das persoas candidatas e do tribunal (non available).</p> <p>2ª.- Exercicio 1: Diálogo entre as persoas candidatas sobre unha situación comunicativa da vida cotiá.</p> <ul style="list-style-type: none">• Lectura das instrucións do exercicio: 1 minuto.• Diálogo: mínimo 4 minutos - máximo 5 minutos (7 en caso de trío). <p>3ª.- Exercicio 2: Exposición dun tema.</p> <ul style="list-style-type: none">• A exposición realizarase individualmente seguindo as instrucións dunha ficha que entrega o profesor administrador.• Cada persoa candidata terá ata 3 minutos para preparar o seu tema.• Unha vez transcorrido o tempo de preparación, cada persoa candidata expoñerá o seu tema ao/á compaño/a durante 2-3 minutos.• Ao finalizar cada exposición, o profesor administrador realizará unha pregunta sobre o tema á persoa candidata que escoita. <p>4ª.- Despedida (non available).</p>	

AVALIACIÓN	<p>Tribunal formado por 2 profesores/as. Unha profesora administra e o/a outro/a avalia.</p> <p>Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none">• ADECUACIÓN Refírese:<ul style="list-style-type: none">• ao cumprimento da tarefa, é dicir, ao desenvolvemento de todos os puntos citados nela.• á relevancia do contido.• á capacidade de colaborar e interactuar na fase de diálogo.• ao uso dun rexistro e entoación axeitados ao contexto comunicativo.• ao respecto ao tempo estipulado.• COHERENCIA Refírese á organización da información e das ideas de maneira lóxica de modo que o discurso sexa facilmente comprensible.• COHESIÓN A cohesión reflíctese na disposición e na unión de oracións e parágrafos (uso de conectores, pronomes, adverbios e demais mecanismos de referencialidade).• FLUIDEZ Refírese á capacidade de desenvolverse cun ritmo bastante regular.• CORRECCIÓN Refírese ao grao de corrección gramatical, léxica, de pronunciación e á entoación.• RIQUEZA Refírese á variedade e precisión do léxico e das estruturas utilizadas.
-------------------	---

14. RESULTADOS

Os resultados das probas publicaranse antes de finalizar o mes da súa realización. Cada escola determinará a data exacta de publicación.

A cualificación outorgada será de APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A cualificación será positiva (APTO) cando se obteñan 15 puntos de 25 (o 60%) en cada unha das destrezas; é necesario aprobar todas e cada unha das destrezas para superar a proba de certificación.

Na convocatoria extraordinaria de setembro (só para alumnado oficial e procedente dos cursos CALC ou do programa CUALE), as persoas candidatas únicamente terán que examinarse das destrezas non aprobadas na convocatoria ordinaria de xuño. De non obter a cualificación de APTO en todas as destrezas na convocatoria de setembro, estas persoas candidatas deberán concorrer de novo ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as destrezas.

As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se tivesen aprobado algunha/s destreza/s, poderán solicitar unha certificación académica de ter acadado o dominio requerido na/s destreza/s aprobada/s.

A escola oficial de idiomas na que se realiza a proba expedirá o correspondente certificado de nivel intermedio a aquellas persoas candidatas que superasen esta proba. Para expedir este certificado acreditativo, a persoa candidata non terá que realizar trámite ningún. A EOI efectuará a comunicación oportuna, unha vez emitidos os certificados.

15. RECOMENDACIÓN FINAIS

Antes da proba

- Lea atentamente a guía para persoas candidatas e familiarícese co proceso de realización das probas.
- Asegúrese do día, hora e aula de cada parte da proba.

Durante a proba

- Lea con atención todas as instrucións.
- Distribúa adecuadamente o tempo de que dispón para realizar os diferentes exercicios. Resulta conveniente reservar uns minutos finais para poder facer un repaso xeral e corrixir posibles errores.
- Escriba con letra clara en todas as partes das probas.
- Escriba ou marque as respostas con claridade.

Despois da proba

- Abandone a aula con discreción e permanez en silencio para non incomodar as demais persoas que continúen realizando as probas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

GUÍA PARA AS PERSOAS CANDIDATAS
PROBAS DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL AVANZADO (B2)
ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS
GALICIA
CURSO 2016-2017

ÍNDICE

1. Introdución
2. Recoñecemento da certificación
3. Perfil das persoas candidatas
4. Requisitos para presentarse ás probas
5. Número de convocatorias
6. Dereitos das persoas candidatas
7. Obrigas das persoas candidatas
8. Definición do nivel avanzado
9. Estrutura da proba de certificación de nivel avanzado
10. Distribución e orde de administración da proba
11. Contidos
12. Temas
13. Tipos de texto
14. Características de cada parte da proba
15. Resultados
16. Recomendacóns finais

1. INTRODUCIÓN

O presente documento contén a descripción das probas de certificación correspondentes ao nivel avanzado que se realizarán durante o curso 2016-2017 nas escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia. Ten a finalidade de facilitar información sobre a estrutura e o contido destas probas ás persoas candidatas.

As probas de certificación correspondentes ao nivel avanzado están reguladas polo marco legal e administrativo establecido nos seguintes documentos:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio).
- Real Decreto 1629/2006, do 29 de decembro (BOE do 4 de xaneiro 2007), que fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio (DOG do 9 de outubro).
- Decreto 239/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de idiomas de réxime especial (DOG do 29 de outubro).
- Orde do 8 de setembro de 2008, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012 (DOG do 30 de abril), pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro).
- Orde do 5 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial (DOG do 18 de agosto).
- Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 28 de maio).

2. PERFIL DAS PERSOAS CANDIDATAS

O perfil do alumnado das EOI é moi variado, tanto pola idade como pola súa formación, nivel cultural e motivación.

En consecuencia, as probas serán "neutras", adaptadas aos trazos que caracterizan un alumnado heteroxéneo, e non incluirán, en ningún caso, tarefas que lles esixan un certo grao de complexidade cognitiva ás persoas candidatas.

3. REQUISITOS PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS

Poderán presentarse a estas probas aquelas persoas que desexen obter unha certificación académica que faga constar o seu nivel de competencia lingüística no idioma obxecto de exame e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de 16 anos (ou maior de 14 anos se se examina dunha lingua distinta á que cursa como primeira lingua na educación secundaria obligatoria) ou que os cumpra no ano 2016, independentemente do seu nivel de estudos ou profesión.
- Efectuar, dentro dos prazos establecidos, os trámites de inscrición e aboar os prezos públicos correspondentes para realizar as probas.

4. NÚMERO DE CONVOCATORIAS

O alumnado oficial disporá de dúas convocatorias para a obtención do certificado de nivel avanzado: unha convocatoria ordinaria en xuño e outra extraordinaria en setembro, que serán comúns en todas as EOI de Galicia. O alumnado do réxime libre terá dereito únicamente á convocatoria ordinaria.

O calendario de probas para cada convocatoria será o fixado nos anexos V (convocatoria ordinaria) e VI (convocatoria extraordinaria) da Circular 1/2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e poderá consultarse nas diferentes EOI e nas súas páxinas web.

5. DEREITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Adaptación da proba para persoas con diversidade funcional

É posible a adaptación da proba ás necesidades especiais daquelas persoas candidatas que presenten algún tipo de discapacidade motriz, visual ou auditiva.

As persoas candidatas que se matriculen en réxime libre deben declarar e xustificar estas circunstancias no momento da formalización da matrícula mediante certificación oficial acreditativa da súa discapacidade e do grao desta. A escola poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da Xefatura Territorial respectiva para que emitan un informe sobre as medidas necesarias para avaliar estas persoas candidatas, tendo en conta as medidas recollidas no anexo VI da Resolución do 10 de maio de 2012, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2014.

Xustificantes de asistencia

As persoas candidatas poderán solicitar un xustificante de asistencia ao exame. Este xustificante solicitarase ao/á profesor/a administrador/a unha vez finalizada a proba escrita ou oral.

Dereito a reclamar

De acordo coa lexislación vixente (Orde do 8 de setembro de 2008, modificada pola Orde do 19 de abril de 2012, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación), calquera persoa candidata que estea en desacordo coa súa cualificación final poderá presentar unha reclamación ante a dirección da escola oficial de idiomas nun prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados.

A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

- a) Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial.
- b) Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

Segundo estipula o artigo 7 da citada Orde, a dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación, ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitaralle ao departamento didáctico o correspondente informe e notificaralle por escrito á persoa candidata a resolución adoptada e os recursos que caben contra a citada resolución.

6. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas candidatas deberán:

- Ser puntuais e presentarse na aula onde se realizarán as probas á hora indicada na convocatoria. Non se permitirá a entrada á aula a ningunha persoa candidata despois do último chamamento.
- Presentar o DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da identidade cando lles sexa requirido na aula de exame.
- Presentar o resgado da matrícula (persoas candidatas libres).
- Usar bolígrafo azul ou negro para a realización do exame porque as probas escritas con lapis ou emendadas con fluído ou cinta correctora non serán cualificadas.
- Manter apagados os teléfonos móbiles e calquera outro dispositivo electrónico durante toda a proba.
- Asinar a entrega de cada parte da proba.
- Abandonar a aula con discreción.
- Permanecer en silencio fóra da aula para non molestar as demais persoas que continúen realizando a proba.

7. DEFINICIÓN DO NIVEL AVANZADO

O nivel avanzado das EOI de Galicia (que inclúe os cursos Avanzado 1 e Avanzado 2) equivale ao nivel B2 definido no *Marco europeo común de referencia para as lingua (MECRL)*, un documento creado pola división de Política Lingüística do Consello de Europa, coa intención de proporcionar, en toda a súa zona de influencia, unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais, etc.

Tendo en conta este documento e a lexislación vixente en Galicia:

“O nivel avanzado [...] ten a finalidade de capacitar o alumnado para a utilización do idioma oralmente e por escrito con fluidez, flexibilidade e eficacia, en situacions comunicativas diversas, relativas a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros, e que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, e riqueza léxica. Este nivel de uso do idioma deberá permitir, igualmente, actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa así como garantir a relación fluída entre falantes e culturas”.

Polo tanto, a persoa que acada este nivel:

- “É capaz de entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico sempre que estean dentro do seu campo de especialización.
- Pode relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade de xeito que a comunicación se realice sen esforzo por parte de ningún dos interlocutores.
- Pode producir textos claros e detallados sobre temas diversos así como defender un punto de vista sobre temas xerais indicando as vantaxes e os inconvenientes das distintas opcións”.

MECRL, Niveis comúns de referencia. Escala global. Descriptores nivel B2.

8. ESTRUTURA DA PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL AVANZADO

PARTES DA PROBA (DESTREZAS)	PUNTUACIÓN MÍNIMA	PUNTUACIÓN TOTAL
COMPRENSIÓN DE LECTURA	15 puntos	25
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA	15 puntos	25
COMPRENSIÓN ORAL	15 puntos	25
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL	15 puntos	25
TOTAL	60 puntos	100

9. DISTRIBUCIÓN E ORDE DE ADMINISTRACIÓN DA PROBA

A proba administrarase en dúas sesións:

1ª sesión:

PARTES DA PROBA (DESTREZAS)	DURACIÓN
COMPRENSIÓN DE LECTURA	60 minutos
PAUSA	10 minutos
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA	90 minutos
PAUSA	10 minutos
COMPRENSIÓN ORAL	40 minutos
TOTAL	210 minutos (3 h 30 min)

2ª sesión:

PARTE DA PROBA (DESTREZA)	DURACIÓN (INDIVIDUAL)
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL	PREPARACIÓN: 10 minutos INTERVENCIÓN: 10 minutos
TOTAL	20 minutos

A sesión correspondente á destreza de expresión e interacción oral poderá ter lugar antes ou despois da sesión correspondente ás outras destrezas, e gravarse en audio a intervención das persoas candidatas.

10. CONTIDOS

Os contidos xerais da proba de certificación de nivel avanzado serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 239/2008, do 25 de setembro, anexo 1, epígrafe 3).

11. TEMAS

Os temas sobre os que se basearán os distintos exercicios da proba serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 239/2008, do 25 de setembro, anexo 1, epígrafe 3.2.1.1.):

IDENTIFICACIÓN PERSOAL:

Datos persoais. Títulos e tratamentos. Actividade profesional e ocupación. Documentación. Biografía: etapas da vida. Sentimentos e estados de ánimo. Sensacións e percepcións físicas. Valores persoais. Gustos e centros de interese.

VIVENDA E FOGAR:

Construción. Compra e alugueiro. Mudanza e instalación. Tipos de residencia. Equipamento, decoración e mantemento. Contorno sociocultural, físico e económico.

VIAXES:

Motivacións e obxectivos. Experiencias persoais. Problemas e incidencias. A condución: normas de circulación, mantemento e reparación de vehículos, seguros. Modas e tendencias turísticas.

RELACIÓN HUMANAS E SOCIAIS:

A familia. Celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos. Actitudes e formas de comportarse. Asociacións.

SAÚDE E COIDADOS FÍSICOS:

Protección social. Medicina tradicional e alternativa. Estética.

TRABALLO:

Profesións e cargos. Lugares, ferramentas e roupa de traballo. Tarefas que se desenvolven no traballo. Desemprego e busca de traballo. Condicións laborais. Dereitos e obrigas laborais. Conflitos no traballo. Organizacións e asociacións laborais. Seguridade e riscos laborais.

EDUCACIÓN:

Sistema educativo. Innovacións. Problemas e conflitos.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS:

Finanzas e bolsa. Impostos e renda. Comercio. Entidades e empresas. Industria e enerxía.

ALIMENTACIÓN:

Dieta e nutrición. Gastronomía.

INFORMACIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN:

Prensa escrita. Televisión e radio. Internet.

CLIMA E AMBIENTE:

Paisaxe urbana e rural. Clima. Natureza. Desastres naturais. Ecoloxía e problemas ambientais.

CIENCIA E TECNOLOGÍA:

Avances científicos e tecnológicos. Cuestións éticas e filosóficas. Tecnologías da información e da comunicación (TIC).

POLÍTICA E SOCIEDADE:

Institucións. Formas de governo. Sistemas políticos e de governo. Conflitos e movementos sociais. Xustiza. Modas e tendencias sociais.

ACTIVIDADES ARTÍSTICAS:

Música e danza. Arquitectura, pintura e escultura. Literatura. Fotografía. Cine e teatro. Novas manifestacións artísticas. Artesanía.

12. TIPOS DE TEXTO

Os tipos de texto que constitúen a base dos distintos exercicios da proba serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas (Decreto 239/2008, do 25 de setembro, Anexo 1, epígrafe 3.2.3.2.1.1.). Utilizaranse textos auténticos adaptados ás características e obxectivos dos exercicios:

POSIBLES TEXTOS ORAIS	POSIBLES TEXTOS ESCRITOS
<ul style="list-style-type: none"> • Adiviñas • Anuncios publicitarios na radio e na televisión e informacións por megafonía • Cancións • Conferencias, relatorios, presentacións e declaracións públicas • Conversas á cara e en grupo: formais e informais, transaccionais • Conversas telefónicas: formais e informais, transaccionais • Debates e discusións públicas • Discursos e conferencias • Discusións formais • Enquisas e cuestionarios • Entrevistas laborais, académicas, médicas, xornalísticas • Instrucións e indicacións detalladas • Mensaxes en contestadores automáticos • Representacións teatrais • Reunións de traballo • Textos audiovisuais: películas, programas de TV ou de radio, noticias, informativos, documentais, material gravado • Textos humorísticos: chistes, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actas • Adiviñas • Anuncios publicitarios (en valos e paneis, na prensa escrita, internet, etc.) e anuncios por palabras • Biografías • Catálogos • Bandas deseñadas e tiras cómicas • Composicións escritas • Convocatorias • Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, faxes, mensaxes electrónicas, invitacións, felicitacións, condolencias, agradecemento, escusa, etc.) • Currículos • Dicionarios • Documentos comerciais (acordos, contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios) • Documentos oficiais ou legais (formularios, impresos, instancias, avisos, denuncias, solicitudes, reclamacións, recursos, citacións...) • Enquisas e cuestionarios • Guías de viaxe • Guións • Informes • Libros de texto • Manuais de instrucións e prospectos • Memorias e informes • Mensaxes en foros virtuais, blogs, etc. • Receitas de cociña • Recensións en xornais e revistas • Regulamentos e instruccións públicas • Resumos e sínteses. Apuntamentos • Textos humorísticos: chistes, etc. • Textos literarios (contos, relatos breves, novelas, poemas, obras teatrais) • Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, editoriais, necrolóxicas, recensións, entrevistas) • Traballos escolares e académicos

13. CARACTERÍSTICAS DE CADA PARTE DA PROBA

COMPRENSIÓN DE LECTURA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Comprender información global e ideas principais.• Comprender información detallada.• Comprender información de forma selectiva.• Comprender información implícita e explícita.• Comprender opiniós e actitudes.
NÚMERO DE EXERCICIOS: entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DOS EXERCICIOS	
<ul style="list-style-type: none">• Emparellar textos con situacións, con títulos ou enunciados que resuman a idea principal.• Contestar preguntas de resposta breve.• Completar información en esquemas ou diagramas.• Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas.• Contestar preguntas de opción múltipla (a, b, c) cunha soa resposta correcta.	

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Expoñer e avaliar información.• Solicitar e transmitir información.• Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións.• Narrar sucesos e acontecementos.• Expresar deseños, sentimentos e opiniós.• Sintetizar información diferenciando entre ideas principais e secundarias.• Argumentar para convencer.• Formular propostas e conclusións.
NÚMERO DE EXERCICIOS: 2	
DESCRICIÓN DA PROBA	
EXERCICIO 1: Escribir correspondencia formal ou informal. Extensión: mínimo 150 palabras - máximo 180 palabras.	
EXERCICIO 2: Escribir un texto narrativo, expositivo, descriptivo ou argumentativo para unha revista ou un xornal, un foro da internet, unha web, etc... (a elixir entre 2 opcións). Extensión: mínimo 200 palabras - máximo 230 palabras.	
➤ Trataranse todos e cada un dos puntos indicados nos exercicios.	

AVALIACIÓN	Dobre corrección por un tribunal de 2 profesores/as. Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios: • ADECUACIÓN Refírese: <ul style="list-style-type: none">• ao cumprimento da tarefa, é dicir, ao desenvolvemento de todos os puntos citados nela.• ao respecto do número de palabras que estea estipulado para o texto.• ao axuste ao formato requerido (carta, nota informal, narración, etc.).• á adecuación do rexistro en función do destinatario, propósito e situación, reflectido no léxico e estruturas.• á adecuación do contido ao tema proposto. • COHERENCIA Refírese á organización da información, das ideas e ao mantemento da liña discursiva. • COHESIÓN A cohesión reflíctese na disposición e na unión de oracións e parágrafos (uso de conectores, pronomes, adverbios e demás mecanismos de referencialidade). • CORRECCIÓN Refírese ao correcto uso gramatical, léxico e ortográfico. • RIQUEZA Refírese á variedade e precisión do léxico e das estruturas utilizadas.
-------------------	--

COMPRENSIÓN ORAL	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Comprender información global e ideas principias.• Comprender información detallada.• Comprender información de forma selectiva.• Comprender información implícita e explícita.• Comprender opinións e actitudes.• Organizar e discriminar información.
NÚMERO DE EXERCICIOS: entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DOS EXERCICIOS	
<ul style="list-style-type: none">• Emparellar textos con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal.• Contestar preguntas de resposta breve.• Completar información en esquemas, diagramas, etc.• Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas.• Contestar preguntas de opción múltipla (a, b, c) cunha soa resposta correcta. <p>As gravacións correspondentes a cada exercicio escoitaranse dúas veces.</p> <p>Ningunha persoa candidata poderá abandonar a aula antes de que remate a audición de todos os documentos sonoros.</p>	

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Expoñer e avaliar información.• Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións.• Narrar sucesos e acontecementos.• Expresar puntos de vista e opinións.• Argumentar.• Realizar propostas.• Intercambiar información, cooperar e negociar para chegar a un consenso.• Recapitular e reformular información.• Iniciar, manter e concluir a exposición de un tema.• Tomar e ceder a quenda de palabra.
NÚMERO DE EXERCICIOS: 2	
DESCRICIÓN DA PROBA	

A proba realizarase de maneira individual.

A proba constará das seguintes fases:

1ª.- Acollida e presentación das persoas candidatas e do tribunal (non available).

2ª.- **Exercicio 1:** Exposición dun tema.

- A exposición realizarase seguindo as instrucións dunha ficha entregada polo profesor administrador.
- A persoa candidata terá 10 minutos para preparar o seu tema.
- A seguir expoñerá o tema e responderá as preguntas que lle realice o profesor administrador.
- A intervención da persoa candidata durará en total entre 3 e 4 minutos.

3ª.- **Exercicio 2:** Diálogo co profesor administrador sobre unha situación comunicativa da vida cotiá a partir dunha ficha.

- Lectura das instrucións do exercicio: 1 minuto.
- Diálogo: mínimo 4 minutos - máximo 5 minutos.

4ª.- Despedida (non available).

AVALIACIÓN	<p>Tribunal formado por 2 profesores/as.</p> <p>Un/ha profesor/a administra e o/a outro/a avalía.</p> <p>Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none">• ADECUACIÓN Refírese:<ul style="list-style-type: none">• ao cumprimento da tarefa, é dicir, ao desenvolvemento de todos os puntos citados nela.• á relevancia do contido.• á capacidade de colaborar e interactuar na fase de diálogo.• ao uso dun rexistro e entoación axeitados ao contexto comunicativo.• ao respecto ao tempo estipulado.• COHERENCIA Refírese á organización da información e das ideas de maneira lóxica de modo que o discurso sexa facilmente comprensible.• COHESIÓN A cohesión reflíctese na disposición e na unión de oracións e parágrafos (uso de conectores, pronomes, adverbios e demás mecanismos de referencialidade).• FLUIDEZ Refírese á capacidade de desenvolverse cun ritmo bastante regular.• CORRECCIÓN Refírese ao grao de corrección gramatical, léxica, de pronunciación e á entoación.• RIQUEZA Refírese á variedade e precisión do léxico e das estruturas utilizadas.
-------------------	---

14. RESULTADOS

Os resultados das probas publicaranse antes de finalizar o mes da súa realización. Cada escola determinará a data exacta de publicación.

A cualificación outorgada será de APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A cualificación será positiva (APTO) cando se obteñan 15 puntos de 25 (o 60%) en cada unha das destrezas; é necesario aprobar todas e cada unha das destrezas para superar a proba de certificación.

Na convocatoria extraordinaria de setembro (só para alumnado oficial e procedente dos cursos CALC e do programa CUALE), as persoas candidatas únicamente terán que

examinarse das destrezas non aprobadas na convocatoria ordinaria de xuño. De non obter a cualificación de APTO en todas as destrezas na convocatoria de setembro, estas persoas candidatas deberán concorrer de novo ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as destrezas.

As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se tivesen aprobado algunha/s destreza/s, poderán solicitar unha certificación académica de ter acadado o dominio requerido na/s destreza/s aprobada/s.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por proposta da escola oficial de idiomas na que se realiza a proba, expedirá o correspondente certificado de nivel avanzado a aquellas persoas candidatas que superasen estas probas, unha vez que a persoa candidata o solicite e aboe os prezos públicos correspondentes á expedición do certificado de nivel avanzado na secretaría do centro examinador.

15. RECOMENDACIÓNNS FINAIS

Antes da proba

- Lea atentamente a guía para as persoas candidatas e familiarícese co proceso de realización das probas.
- Asegúrese do día, hora e aula de cada parte da proba.

Durante a proba

- Lea con atención todas as instrucións.
- Distribúa adecuadamente o tempo de que dispón para realizar os diferentes exercicios. Resulta conveniente reservar uns minutos finais para poder facer un repaso xeral e corrixir posibles errores.
- Escriba con letra clara en todas as partes das probas.
- Escriba ou marque as respostas con claridade.

Despois da proba

- Abandone a aula con discreción e permanece en silencio para non incomodar as demais persoas que continúen realizando as probas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO III

GUÍA PARA AS PERSOAS CANDIDATAS
PROBAS DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL C1
ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS
GALICIA

CONTIDO

1. Introdución
2. Recoñecemento da certificación
3. Perfil das persoas candidatas
4. Requisitos para presentarse ás probas
5. Número de convocatorias
6. Dereitos das persoas candidatas
7. Obrigas das persoas candidatas
8. Definición do nivel C1
9. Estrutura da proba de certificación de nivel C1
10. Distribución e orde de administración da proba
11. Contidos
12. Temas
13. Tipos de texto
14. Características de cada parte da proba
15. Resultados
16. Recomendacóns finais

1. INTRODUCIÓN

O presente documento contén a descripción das probas de certificación correspondentes ao nivel C1 que se realizarán nas escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia. Ten a finalidade de facilitarles información sobre a estrutura e o contido destas probas ás persoas candidatas.

As probas de certificación correspondentes ao nivel C1 están reguladas polo marco legal e administrativo establecido nos seguintes documentos:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio).
 - O Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que prevé na súa disposición adicional segunda que as escolas oficiais de idiomas poderán, nos termos que disponen as respectivas administracións educativas, organizar e impartir cursos especializados para o perfeccionamento de competencias en idiomas, tanto nos niveis básico, intermedio e avanzado como nos niveis C1 e C2 do Consello de Europa, segundo se definen estes niveis no Marco europeo común de referencia para as lingua. (BOE do 4 de xaneiro de 2007)
 - O Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio, que regula no seu artigo 4º os cursos de especialización dos niveis C1 e C2.
- No punto 4 establece que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá o procedemento para a certificación destes cursos, tendo en conta tanto a correspondencia de cada certificado cos descritores dos niveis do MECR como a descripción das probas realizadas e das competencias valoradas para a obtención da devandita certificación. (DOG do 9 de outubro).
- Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro).
 - Orde do 19 de abril de 2012 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Orde do 8 de outubro de 2012 pola que se establece o procedemento para a implantación, avaliación e certificación de cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas dos niveis C1 e C2 do Consello de Europa, segundo se definen estes niveis no MECR, nas escolas oficiais de idiomas de Galicia. (DOG do 11 de outubro de 2012).
 - Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 28 de maio de 2012).

En tanto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non estableza os currículos para os cursos especializados dos niveis C1 e C2 dos idiomas que se imparten nas escolas oficiais de idiomas de Galicia, tomarase como referencia o currículo para o nivel C1 establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no anexo da Orde EDU/3377/2009, do 7 de decembro (BOE do 16 de decembro).

No caso do idioma galego, tomarase como referencia o establecido no anexo III da Orde do 16 de xullo do 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), no relativo ao Celga 4 (C1) e Celga 5 (C2).

2. RECOÑECIMENTO DA CERTIFICACIÓN

No artigo 5.1 da Orde do 8 de outubro de 2012, establecese que para obter os certificados acreditativos de competencia nos niveis C1 e C2 do idioma correspondente, ao remate dos cursos será necesaria a superación dunha proba de certificación para cada un dos niveis. Estas probas terán as características que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableza nas convocatorias correspondentes.

No punto 5 da mesma orde, recóllese que os certificados acreditativos de ter superado as probas correspondentes aos niveis C serán expedidos polas escolas oficiais de idiomas, de acordo co modelo que figura no anexo II.

As certificacións que expiden as EOI son titulacións de recoñecido prestixio no mundo laboral e profesional. É a única titulación oficial válida en todo o territorio español, expedida polo Ministerio de Educación ou polas comunidades autónomas con competencias educativas, en que se certifica o dominio dun nivel de competencia lingüística dunha lingua estranxeira ou das diferentes linguas autonómicas.

Estas certificacións son validadas e recoñecidas por distintos organismos oficiais. Por exemplo, equivalen a:

- Créditos de libre configuración nas universidades galegas.
- Horas de formación para o funcionariado de Galicia e das diferentes comunidades autónomas do Estado español.
- Horas de formación permanente para o profesorado (sexenios, concursos, concesións de bolsas, intercambios, programas europeos ...), segundo a Orde do 1 marzo de 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 14 de abril).
- Méritos en concursos de traslados para o funcionariado de Galicia e das diferentes comunidades autónomas do Estado español.
- Méritos na fase de concurso-oposición para o acceso á función pública no territorio español.

3. PERFIL DAS PERSOAS CANDIDATAS

O perfil do alumnado das EOI é moi variado, tanto pola idade como pola súa formación, nivel cultural e motivación. En consecuencia, as probas estarán deseñadas para un alumnado heteroxéneo.

4. REQUISITOS PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS

Poderán presentarse a estas probas aquelas persoas que desexen obter unha certificación académica que faga constar o seu nivel de competencia lingüística no idioma obxecto de exame e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter máis de 16 anos (ou máis de 14 anos se se examina dunha lingua distinta á que cursa como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obligatoria) ou cumplirlos no ano natural da convocatoria, independentemente do seu nivel de estudos ou profesión.
- Posuir o certificado de nivel avanzado ou o antigo certificado de aptitude na lingua en que se van examinar, expedido por unha escola oficial de idiomas.
- Efectuar, dentro dos prazos establecidos, os trámites de inscrición e aboar as taxas correspondentes para realizar as probas.

5. NÚMERO DE CONVOCATORIAS

A Administración educativa organizará dúas convocatorias anuais de probas para a obtención dos certificados correspondentes, unha convocatoria ordinaria en xuño e outra extraordinaria en setembro, que serán comúns en todas as EOI de Galicia, para o réxime de ensinanza oficial.

Para o réxime de ensinanza libre, haberá unha única convocatoria anual de probas para a obtención dos certificados correspondentes, no mes de xuño, que será común en todas as EOI de Galicia.

O calendario de probas para cada convocatoria será fixado na correspondente circular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e poderá consultarse nas diferentes EOI e nas súas páxinas web.

6. DEREITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Adaptación da proba para persoas con diversidade funcional

É posible a adaptación da proba ás necesidades especiais daquelas persoas candidatas que presenten algúun tipo de discapacidade motriz, visual ou auditiva.

As persoas candidatas que se matriculen en réxime libre deben declarar e xustificar esta circunstancia no momento de formalizar a matrícula, mediante unha certificación oficial acreditativa da súa discapacidade e do grao desta. A escola poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que emitan un informe sobre as medidas necesarias para avaliar estas persoas candidatas.

Xustificantes de asistencia

As persoas candidatas poderán solicitar un xustificante de asistencia ao exame. Este xustificante solicitaráselle ao profesorado administrador unha vez finalizada a proba escrita ou oral.

Dereito a reclamar

De acordo coa lexislación vixente (Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación), calquera persoa candidata que estea en desacordo coa súa cualificación final poderá presentar unha reclamación ante a dirección da escola oficial de idiomas nun prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados.

As reclamacións deberán basearse nos seguintes aspectos:

- Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.
- Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliação e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

A reclamación contra a cualificación final da proba resolverá por escrito a dirección da EOI nun prazo máximo de dous días hábiles, logo de presentar a reclamación; a dirección, tras o informe do departamento correspondente, ratificará ou rectificará a cualificación.

No caso de non estar conforme coa resolución, a persoa candidata poderá reclamar ante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de dous días hábiles posteriores á recepción da comunicación da dirección da escola. A xefatura territorial resolverá, tras o informe do servizo de inspección, no prazo dun mes a partir da presentación do recurso; esta resolución poñerá fin á vía administrativa.

7. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas candidatas deberán:

- Ser puntuais e presentarse na aula onde se realizará a proba escrita á hora indicada na convocatoria. Non se lle permitirá a entrada á aula a ningunha persoa candidata despois da última chamada.
- Consultar a súa convocatoria concreta para a proba de expresión oral publicada polo centro. Esta proba oral poderá ser fixada para antes ou despois da proba escrita.
- Presentar o DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da identidade cando llelo requiran na aula.
- Presentar o resgardo da matrícula (no caso das persoas candidatas libres).
- Usar bolígrafo azul ou negro para realizar o exame porque as probas escritas con lapis ou emendadas con líquido ou cinta correctora non serán cualificadas.
- Apagar os teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico durante toda a proba.
- Asinar na folla de sinaturas cando entregan cada parte da proba.
- Saír da aula con discreción e permanecer en silencio absoluto nos corredores do centro.

8. DEFINICIÓN DO NIVEL C1

A Orde do 8 de outubro de 2012 establece na súa disposición transitoria que en canto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non estableza os currículos para os cursos especializados dos niveis C1 e C2 dos idiomas que se imparten nas escolas oficiais de idiomas de Galicia, tomarase como referencia o currículo para o nivel C1 establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no anexo da Orde EDU/3377/2009, do 7 de decembro (BOE do 16 de decembro).

Tendo en conta este documento, o nivel C1 poderíase definir pola capacidade para empregar o idioma con flexibilidade, eficacia e precisión para participar en todo tipo de situacóns, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, que requiran comprender, producir e procesar textos orais e escritos, extensos e complexos, en diversas variedades estándar da lingua, cun repertorio léxico amplo, e que versen sobre temas tanto abstractos como concretos, incluso naqueles cos que o falante non estea familiarizado.

Polo tanto, a persoa que acada este nivel:

- É capaz de comprender, incluso en malas condicións acústicas, textos orais extensos, lingüística e conceptualmente complexos, que conteñan expresións idiomáticas e coloquiais e que traten temas tanto concretos como abstractos ou descoñecidos para o alumnado, incluíndo aqueles de carácter técnico ou especializado, en diversas variedades estándar da lingua e articulados a velocidade normal ou rápida, aínda que puidese necesitar confirmar certos detalles, sobre todo se o acento non lle resulta familiar.
- Pode producir textos orais claros e detallados sobre temas complexos, integrando outros temas, desenvolvendo ideas concretas e rematando cunha conclusión adecuada, así como dominar un amplio repertorio léxico que lle permita suplir as deficiencias facilmente con circunloquios cando toma parte activa en intercambios extensos de diversos tipos, expresándose con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo.
- Pode comprender con todo detalle textos escritos, extensos e complexos, relacionados ou non coa súa especialidade, sempre que poida reler os fragmentos difíciles.
- Pode escribir textos claros e ben estruturados sobre temas complexos resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, e rematando cunha conclusión apropiada".

9. ESTRUTURA DA PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL C1

PUNTUACIÓN TOTAL	PUNTUACIÓN MÍNIMA	PARTES DA PROBA (DESTREZAS)
25	15 puntos	COMPRENSIÓN ESCRITA
25	15 puntos	EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA
25	15 puntos	COMPRENSIÓN ORAL
25	15 puntos	EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

10. DISTRIBUCIÓN E ORDE DE ADMINISTRACIÓN DAS PARTES DA PROBA

A proba administrarase en dúas sesións, unha para a parte escrita e outra para a proba de expresión e interacción oral. A proba de expresión e interacción oral poderá ser antes ou despois da parte escrita.

SESIÓN I

DURACIÓN	DESTREZAS
1 h	COMPRENSIÓN ESCRITA
10 minutos	PAUSA
1h 30 minutos	EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA
10 minutos	PAUSA
40 minutos	COMPRENSIÓN ORAL
3 h 30 minutos	TOTAL

SESIÓN II

DURACIÓN (POR PARELLA)	DESTREZA
20 minutos	EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL
20 minutos	TOTAL

A sesión correspondente á destreza de expresión e interacción oral poderá ter lugar antes ou despois da sesión correspondente ás outras destrezas, e gravarse en audio a intervención das persoas candidatas.

11. CONTIDOS

Os contidos xerais da proba de certificación de nivel C1 serán os descritos no currículo establecido no punto I.3 do anexo da Orde EDU/3377/2009, do 7 de decembro (BOE do 16 de decembro).

12. TEMAS

Os temas (para os que se considerarán subtemas e os seus correspondentes repertorios léxicos, tendo en conta as demandas dos obxectivos deste nivel) sobre os que se basearán os distintos exercicios da proba serán os descritos no punto I.3.2.4 (competencia léxica) do currículo establecido na orde EDU/3377/2009, do 7 de decembro (BOE do 16 de decembro):

Identidade persoal: dimensión física e anímica

Vivenda, fogar e contorna

Alimentación

Saúde e coidados físicos

Relacións persoais e sociais

Traballo e actividades profesionais

Educación e actividades académicas

Tempo de lecer

Viaxes, aloxamento e transporte

Compras e actividades comerciais

Bens e servizos

Economía e industria

Goberno, política e sociedade

Información e medios de comunicación

Cultura e actividades artísticas

Relixión e filosofía

Xeografía, natureza e medio natural

Ciencia e tecnoloxía

13. TIPOS DE TEXTO

Utilizaranse textos auténticos na súa forma orixinal ou adaptados ás características e obxectivos dos exercicios:

POSSIBLES TEXTOS ORAIS	POSSIBLES TEXTOS ESCRITOS
<ul style="list-style-type: none"> • Adiviñas • Anuncios publicitarios na radio e na televisión e informacións por megafonía • Cancións • Conferencias, presentacións, declaracións públicas, mesas redondas e discursos extensos sobre temas abstractos da propia especialidade ou non • Conversas á cara e entre varios falantes: formais e informais, transaccionais... • Conversas telefónicas complexas: formais e informais, transaccionais... • Discusións formais • Enquisas e cuestionarios • Entrevistas laborais, académicas, médicas, xornalísticas... • Instrucións e indicacións detalladas e extensas • Intervencións en reunións formais sobre temas relacionados coa propia especialidade • Instrucións e mensaxes gravadas en contestadores automáticos • Presentacións de certa extensión sobre temas complexos (proxectos, informes, experiencias etc.) • Representacións teatrais • Textos audiovisuais: películas, programas de TV ou de radio, noticias, informativos, documentais, material gravado... • Textos humorísticos: chistes etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actas • Adiviñas • Anuncios publicitarios e anuncios por palabras • Artigos de opinión en revistas especializadas • Biografías • Catálogos • Bandas deseñadas e tiras cómicas • Composicións escritas • Convocatorias • Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, mensaxes electrónicas, invitacións, felicitacións, condolencias, agradecemento, escusa etc.) • Currículos • Dicionarios • Documentos comerciais (acordos, contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios) • Documentos oficiais ou legais • Enquisas e cuestionarios • Guías de viaxe • Guións • Informes extensos e complexos sobre temas da súa especialidade • Libros de texto • Manuais de instrucións e prospectos • Memorias e informes • Mensaxes en foros virtuais, blogs etc. • Páxinas web de todo tipo • Receitas de cociña • Recensións en xornais e revistas • Regulamentos e instrucións públicas • Resumos e sínteses. Apuntamentos • Textos humorísticos: chistes etc. • Textos literarios (contos, relatos breves, novelas, poemas, obras teatrais) • Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, editoriais, necrolóxicas, recensións, entrevistas) • Traballos escolares e académicos

14. CARACTERÍSTICAS DE CADA PARTE DA PROBA

COMPRENSIÓN DE LECTURA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Comprender información global e ideas principais• Comprender información detallada, técnica e específica• Comprender información de forma selectiva• Comprender información implícita e explícita• Comprender opinións e actitudes• Identificar detalles sutís que inclúen actitudes e opinións tanto implícitas como explícitas
NÚMERO DE TAREFAS: Entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DOS EXERCICIOS	
<ul style="list-style-type: none">• Emparellar textos con situacións, con títulos ou con enunciados que resuman a idea principal• Contestar preguntas de resposta breve• Completar información en esquemas ou diagramas• Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas (xustificando a resposta)• Contestar preguntas de opción múltiple (a, b, c) cunha soa resposta correcta	

COMPRENSIÓN ORAL	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">• Comprender información global e ideas principais• Comprender información detallada• Comprender información de forma selectiva• Comprender información implícita e explícita• Comprender opinións e actitudes• Organizar e discriminar información• Identificar pormenores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre os falantes
NÚMERO DE TAREFAS: Entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DOS EXERCICIOS	
<ul style="list-style-type: none">• Emparellar textos con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal• Contestar preguntas de respuesta breve• Completar información en esquemas, diagramas etc.• Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas• Contestar preguntas de opción múltiple (a, b, c) cunha soa resposta correcta <p>As gravacións correspondentes a cada ejercicio escoitaranse dúas veces.</p> <p>Ningunha persoa candidata poderá abandonar a aula antes de que remate a audición de todos os documentos sonoros.</p>	

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA	
OBXECTIVOS	<p>Expoñer e avaliar información Avaliar diferentes opcións, opinións e puntos de vista Solicitar e transmitir información Describir temas complexos de forma clara e detallada Narrar sucesos e acontecementos Expresar opinións, deseños e sentimentos (emocións, crenzas, reserva e cautela, empatía e compaixón, arrepentimento...) Sintetizar ideas, argumentos e puntos de vista diferenciando entre ideas principais e secundarias Desenvolver, defender, rebater e xustificar opinións, argumentos e puntos de vista Formular propostas e conclusións Matizar opinións e afirmacións Formular hipóteses e deducións</p>
NÚMERO DE EXERCICIOS: 2	DESCRICIÓN DA PROBA
<p>EXERCICIO 1: Texto expositivo. Extensión: mínimo 170 palabras - máximo 200 palabras.</p> <p>EXERCICIO 2: Texto argumentativo. Extensión: mínimo 230 palabras - máximo 260 palabras.</p> <p>➤ Trataranse todos e cada un dos puntos indicados nos exercicios.</p>	
AVALIACIÓN	<p>Dobre corrección por un tribunal de 2 profesores/as. Utilizárase un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <p>EFICACIA COMUNICATIVA Refírese: · ao cumprimento das funcións comunicativas da tarefa. · ao tratamento dos puntos indicados na tarefa cun contido axeitado.</p> <p>ADECUACIÓN Refírese: · ao estilo adoptado. · ao uso dun rexistro axeitado en función do destinatario, do propósito comunicativo e da situación. · á utilización dun formato textual apropiado. · á extensión do texto.</p> <p>ORGANIZACIÓN E COHESIÓN Refírese: · á organización da información e das ideas. · á utilización de conectores e outros mecanismos de cohesión. · á distribución en parágrafos. · ao uso adecuado da puntuación.</p> <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL Refírese: · á variedade e precisión das estruturas morfosintácticas. · ao grao de corrección morfosintáctica. · ao grao de corrección ortográfica.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> • RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA Refírese: <ul style="list-style-type: none"> • á variedade e precisión dos recursos léxicos. • ao grao de corrección léxica.
EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Expoñer e avaliar información • Describir temas complexos • Realizar narracións elaboradas, integrando subtemas • Recapitular e reformular información • Iniciar, manter e concluir a exposición dun tema • Argumentar • Expresar ideas e opinións • Realizar propostas • Participar activamente en conversas e discusións formais e informais
NÚMERO DE EXERCICIOS: 2	
DESCRICIÓN DA PROBA	
<p>A proba realizarase por parellas (ou tríos, se é o caso) e será gravada en audio.</p> <p>A proba constará das seguintes fases:</p> <p>1ª. Acollida e presentación das persoas candidatas e do tribunal (non available).</p> <p>2ª. Exercicio 1: Exposición dun tema. (Monólogo sostido).</p> <ul style="list-style-type: none"> • A exposición realizarase individualmente seguindo as instrucións dunha ficha que entrega o profesorado administrador. • A persoa candidata terá 3 minutos para preparar o seu tema. • Unha vez transcorrido o tempo de preparación, cada persoa candidata exporalle o seu tema ao/á compaño/a durante un máximo de 4 minutos. <p>3ª. Exercicio 2: Interacción entre as persoas candidatas a partir dunha ficha que presenta unha situación relativa á actualidade.</p> <p>As persoas candidatas deberán: argumentar os seus puntos de vista, explicar as posibles causas das problemáticas que se presenten e propor solucións, comparar e contrastar alternativas.</p> <p>Valóranse tamén as estratexias de interacción que as persoas candidatas empreguen no diálogo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura das instrucións do exercicio: 2 minutos. • Diálogo: mínimo 4 minutos - máximo 5 minutos. <p>4ª. Despedida (non available).</p>	

AVALIACIÓN	<p>Tribunal formado por 2 profesores/as.</p> <p>Unha profesora administra e outro/a avalia.</p> <p>Utilizáronse un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> • EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN Refírese: <ul style="list-style-type: none"> • ao cumprimento das funcións comunicativas da tarefa. • ao desenvolvemento dos puntos indicados na tarefa cun contido
-------------------	---

	<p>axeitado.</p> <ul style="list-style-type: none">• á capacidade de colaborar e interactuar co interlocutor.• á organización da información e das ideas.• ao uso de estruturas organizativas, conectores e outros mecanismos de cohesión.• ao uso dun rexistro axeitado en función do destinatario, do propósito comunicativo e da situación. <p>• FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none">• á duración e á frecuencia das pausas.• á intelixibilidade do discurso.• á variación na entoación. <p>• RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none">• á variedade e precisión das estruturas morfosintácticas.• ao grao de corrección morfosintáctica. <p>• RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA</p> <p>Refírese:</p> <ul style="list-style-type: none">• á variedade e precisión dos recursos léxicos.• ao grao de corrección léxica.
--	---

15. RESULTADOS

Os resultados das probas de ambas as convocatorias publicaranse antes de finalizar o mes da súa realización. Cada escola determinará a data exacta de publicación.

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A cualificación será APTO cando se obteñan 15 puntos de 25 (o 60%) en cada unha das destrezas; é necesario aprobar todas e cada unha das destrezas para superar a proba de certificación.

O alumnado oficial que se presente á convocatoria extraordinaria de setembro só terá que examinarse das destrezas non aprobadas na convocatoria ordinaria de xuño.

De non obteren a cualificación de APTO en todas as destrezas na convocatoria de setembro, as persoas candidatas deberán presentarse de novo ás probas de certificación para seren avaliadas de todas as destrezas.

As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO na proba de certificación, se aprobaron algunha/s destreza/s, poderán solicitar unha certificación académica de que acadaron o dominio requerido na/s destreza/s aprobada/s.

A escola oficial de idiomas en que se realiza a proba, expediralles o correspondente certificado de nivel C1 a aquellas persoas candidatas que superasen estas probas, segundo o modelo que figura no anexo II da Orde do 8 de outubro de 2012.

16. RECOMENDACIÓN FINAIS

Antes da proba

- Lea atentamente a guía para as persoas candidatas e familiarícese co proceso de realización das probas.
- Asegúrese do día, hora e aula de cada parte da proba escrita.
- Consulte a súa convocatoria concreta para a proba de expresión oral publicada polo centro; lembre que esta proba poderá ser fixada para antes ou despois da proba escrita.

Durante a proba

- Lea con atención todas as instrucións.
- Distribúa adecuadamente o tempo de que dispón para realizar as diferentes tarefas. Resulta conveniente reservar uns minutos finais para poder facer un repaso xeral e corrixir posibles errores.
- Escriba con letra clara en todas as partes da proba.
- Escriba ou marque as respuestas con claridade.

Despois da proba

- Abandone a aula con discreción e permanez en silencio para non incomodar as demais persoas que continúen realizando as probas.

ANEXO IV

CENTROS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DO PROGRAMA DE INGLÉS *THAT'S ENGLISH!*

MÓDULO 4 :

PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL BÁSICO

MÓDULO 8 :

PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL INTERMEDIO

MÓDULO 12 :

PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL AVANZADO

CENTRO DE APOIO TITORIAL	CENTRO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN
EOI da Coruña	EOI da Coruña
EOI de Ferrol	EOI de Ferrol
EOI de Santiago de Compostela	EOI de Santiago de Compostela
IES Agra de Raíces (Cee)	Sección EOI - IES Fernando Blanco (Cee)
IES Nº 1 (Ribeira)	Sección EOI - IES Nº 1 (Ribeira)
Sección de Carballo da EOI da Coruña (Carballo)	Sección de Carballo da EOI da Coruña (Carballo)
IES de Melide	EOI da Coruña
EOI de Lugo	EOI de Lugo
EOI de Viveiro	EOI de Viveiro
IES San Rosendo (Mondoñedo)	EOI de Lugo
EOI de Ribadeo	EOI de Ribadeo
EOI de Ourense	EOI de Ourense
IES Martaguisela (O Barco de Valdeorras)	Sección EOI - IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras)
IES Xesús Taboada Chivite (Verín)	Sección EOI - IES García Barbón (Verín)
IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)	Sección EOI - IES García Barbón (Verín)
IES Carlos Casares (Viana do Bolo)	Sección EOI - IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras)
EOI de Pontevedra	EOI de Pontevedra
IES Ramón Mª Aller Ulloa (Lalín)	Sección EOI - IES Ramón Mª Aller Ulloa (Lalín)
EOI de Vilagarcía de Arousa	EOI de Vilagarcía de Arousa
EOI de Vigo	EOI de Vigo

ANEXO V

CERTIFICACIÓN DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA CURSADA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Don(a),

secretario/a do centro,

con código de centro nº, na localidade

(provincia),

CERTIFICO:

Que don(a).....,

con DNI, está matriculado/a actualmente neste centro

no curso das ensinanzas de educación secundaria obligatoria, e que o

idioma que cursa como primeira lingua estranxeira é

Asino esta certificación por pedimento do/a interesado/a e para os efectos de
matrícula polo réxime libre na escola oficial de idiomas.

....., de de 2017

V. e pr. do/a director(a)

O/A secretario/a

(Selo do centro)

ANEXO VI
ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS • PROBAS DE CERTIFICACIÓN
NIVEL BÁSICO, NIVEL INTERMEDIO, NIVEL AVANZADO E NIVEL C1
CALENDARIO DE REALIZACIÓN • CURSO ACADÉMICO 2016-2017

CONVOCATORIA ORDINARIA (ALUMNADO OFICIAL, CALC, CUALE E LIBRE)

Alemán - nivel básico	5 de xuño	16:00 h
Alemán - nivel intermedio	15 de xuño	16:00 h
Alemán - nivel avanzado	21 de xuño	16:00 h
Chinés - nivel básico	16 de xuño	16:00 h
Chinés - nivel intermedio	22 de xuño	16:00 h
Español para estranxeiros - nivel básico	7 de xuño	16:00 h
Español para estranxeiros - nivel intermedio	8 de xuño	16:00 h
Español para estranxeiros - nivel avanzado	9 de xuño	16:00 h
Francés - nivel básico	2 de xuño	16:00 h
Francés - nivel intermedio	12 de xuño	16:00 h
Francés - nivel avanzado	15 de xuño	10:00 h
Francés - nivel C1	20 de xuño	10:00 h
Galego - nivel básico	21 de xuño	10:00 h
Galego - nivel intermedio	13 de xuño	10:00 h
Galego - nivel avanzado	6 de xuño	10:00 h
Galego - nivel C1	1 de xuño	10:00 h
Inglés - nivel básico	20 de xuño	16:00 h
Inglés - nivel intermedio	14 de xuño	16:00 h
Inglés - nivel avanzado	6 de xuño	16:00 h
Inglés - nivel C1	1 de xuño	16:00 h
Italiano - nivel básico	5 de xuño	10:00 h
Italiano - nivel intermedio	14 de xuño	10:00 h
Italiano - nivel avanzado	19 de xuño	10:00 h
Portugués - nivel básico	2 de xuño	10:00 h
Portugués - nivel intermedio	12 de xuño	10:00 h
Portugués - nivel avanzado	16 de xuño	10:00 h
Portugués - nivel C1	22 de xuño	10:00 h
Xaponés - nivel básico	13 de xuño	16:00 h
Xaponés - nivel intermedio	19 de xuño	16:00 h

As probas de expresión e interacción oral serán fixadas por cada EOI. Estas datas deberán facerse públicas por cada EOI cando menos cunha semana de antelación con respecto á realización da proba. Poderán realizarse antes ou despois das probas escritas.

Nas datas das probas de acceso á universidade (7, 8 e 9 de xuño) só se inclúe a parte escrita de español para estranxeiros e, na medida do posible, as escolas non fixarán probas orais das restantes linguas nestas datas.

ANEXO VII
ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS • PROBAS DE CERTIFICACIÓN
NIVEL BÁSICO, NIVEL INTERMEDIO, NIVEL AVANZADO E NIVEL C1
CALENDARIO DE REALIZACIÓN • CURSO ACADÉMICO 2016-2017

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (SÓ ALUMNADO OFICIAL, CALC E CUALE)

Alemán - nivel básico	1 de setembro	16:00 h
Alemán - nivel intermedio	4 de setembro	16:00 h
Alemán - nivel avanzado	5 de setembro	16:00 h
Chinés - nivel básico	1 de setembro	10:00 h
Chinés - nivel intermedio	4 de setembro	10:00 h
Español para extranjeros - nivel básico	5 de setembro	10:00 h
Español para extranjeros - nivel intermedio	6 de setembro	10:00 h
Español para extranjeros - nivel avanzado	7 de setembro	10:00 h
Francés - nivel básico	1 de setembro	16:00 h
Francés - nivel intermedio	4 de setembro	16:00 h
Francés - nivel avanzado	6 de setembro	16:00 h
Francés - nivel C1	7 de setembro	16:00 h
Galego - nivel básico	6 de setembro	10:00 h
Galego - nivel intermedio	5 de setembro	10:00 h
Galego - nivel avanzado	4 de setembro	10:00 h
Galego - nivel C1	1 de setembro	10:00 h
Inglés - nivel básico	7 de setembro	16:00 h
Inglés - nivel intermedio	6 de setembro	16:00 h
Inglés - nivel avanzado	5 de setembro	16:00 h
Inglés - nivel C1	4 de setembro	16:00 h
Italiano - nivel básico	1 de setembro	10:00 h
Italiano - nivel intermedio	4 de setembro	10:00 h
Italiano - nivel avanzado	7 de setembro	10:00 h
Portugués - nivel básico	1 de setembro	16:00 h
Portugués - nivel intermedio	5 de setembro	10:00 h
Portugués - nivel avanzado	6 de setembro	10:00 h
Portugués - nivel C1	7 de setembro	10:00 h
Xaponés - nivel básico	5 de setembro	16:00 h
Xaponés - nivel intermedio	6 de setembro	16:00 h

As probas de expresión e interacción oral serán fixadas por cada EOI. Estas datas deberán facerse públicas por cada EOI cando menos cunha semana de antelación con respecto á realización da proba. Poderán realizarse antes ou despois das probas escritas.